

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA A ACTIVIDADE DE FOMENTO DA NATALIDADE E EMPADROAMENTO A TRAVÉS DA FIGURA DA BABY BOX**

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no seu artigo 6, como principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia, o apoio e a protección da familia como medio de transmisión da vida e como ámbito privilexiado para o desenvolvemento personal; recoñece, como un dos principios de responsabilidade pública, o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

Pola súa banda, os estudos máis recentes sobre a evolución dos principais indicadores demográficos e as previsións dun continuado decrecemento da poboación sitúan a Galicia diante dun problema estrutural de importantes consecuencias económicas e sociais e, polo tanto, fronte dun horizonte demográfico sobre o que é necesario intervir. Acadar a revitalización demográfica e o recambio xeracional convértese nun obxectivo urxente e imprescindible para a sostibilidade económica e social da nosa sociedade, un reto que o noso Concello tamén debe afrontar.

Por este motivo, dende o Concello da Estrada lévase a cabo esta medida de fomento do empadramento, que xunto con outras medidas, intentarán facer mais atractivo para as familias o empadramento no noso Concello.



## **OBJECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da convocatoria é regular o procedemento para a concesión e entrega da denominada *Baby Box*, que se trata dunha caixa benvida para os nenos/as que se empadroen no concello dentro dos tres meses seguintes ao seu nacemento.

## **DESCRIPCIÓN DA BABY BOX**

A Baby Box ou caixa benvida é unha caixa de cartón que se entrega a todas as familias dos pequenos que se empadroen no Concello da Estrada, e que contén produtos para o coidado do bebé como cremas, pañais, aceites, textís, toallíñas, discos de lactancia e produtos de aseo para os recién nacidos.

Ademais, a caixa conta cun colchón que lle dará á caixa a función de berce para o neno/a, coa roupa axeitada a esta función.

## **BENEFICIARIOS**

Terá dereito a recibila calquera familia que empadroe o seu fillo recién nacido no concello da Estrada dentro dos tres meses seguintes ao seu nacemento.

Esta medida está destinada a aquelas familias, nais ou pais, que inscriban o seu fillo/filla sempre que nacesse ou fose adoptado ou acollido dende o período de xuño de 2019 ata decembro de 2019.

## **ORZAMENTO**

O orzamento inicial ascende a 12.500 euros con cargo a partida 2311.22611

## **PRAZO DE SOLICITUDE**

Para recibir a caixa regalo do Concello da Estrada é necesario que sexa solicitado polo interesado dentro de tres meses seguintes ao nacemento. Exceptúanse deste requisito os nados nos meses de



cuño, xullo, agosto e setembro de 2019 que poderán solicitala ata o 30 de novembro de 2019.

## REQUISITOS

1.- Para solicitar a dita axuda, un dos proxenitores debe estar empadroado no concello da Estrada no momento da solicitude.

2.- O neno/nena para o que se solicita a Baby Box/Caixa Regalo deberá estar empadroado/a antes da presentación da solicitude; feito que se demostrará co volante/certificado do empadramento correspondente.

3.-A concesión da caixa será outorgada por orde de presentación de solicitudes ata agotar a partida orzamentaria destinada a este programa.

## LUGAR DE PRESENTACION DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse:

-No rexistro de entrada do Concello en horario de atención ao público.

-A través da sede electrónica do Concello da Estrada:  
<https://aestradasedeelectronica.gal>

-Por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documentación requirida:

- Modelo normalizado de solicitude xeral
- Certificado de nacemento do neno/nena.
- Volante de empadramento da unidade familiar.

Documento asignado ao marxe

